

CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DO ENTROIDO 2020

PRIMEIRA: Poderán participar tódalas persoas, grupos ou comparsas que formalicen a súa inscrición a través da páxina web outes.gal e enviando a folla de inscrición ao correo animacion@outes.gal ata o día 24 de febreiro, ou o mesmo día (26 de febreiro), ata media hora antes do inicio, no polideportivo da Serra de Outes.

SEGUNDA: Os participantes poderán inscribirse nalgunha das catro modalidades seguintes: INFANTIL: 1-2 nenos/as de ata 12 anos; INDIVIDUAL: 1-2 persoas sen límite de idade; GRUPO: cun mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas; COMPARSA: formada por 9 ou máis persoas.

TERCEIRA: O xurado estará composto por cinco representantes das asociacións do Concello.

A cualificación dos disfraces e comparsas terá lugar a partir das 17:00h no pavillón polideportivo e o xurado avaliará a orixinalidade dos disfraces, o carácter humorístico, o grao de elaboración e terminación, e a escenificación e animación da representación, sendo este último punto tamén avaliado durante o percorrido do desfile.

Para a válida constitución do xurado será precisa a presenza de alomenos 4 dos seus membros e os acordos tomaranse por maioría simple dos presentes.

A decisión do xurado será definitiva e inapelable e as súas deliberacións secretas. Se o considerase axeitado, o xurado poderá declarar deserto algún ou algúns dos premios.

CUARTA: Os premios concederánselles aos primeiros clasificados de cada categoría de acordo coa seguinte táboa:

	INFANTIL	INDIVIDUAL	GRUPO	COMPARSA
1º clasificado	60 €	230 €	400 €	800 €
2º clasificado	40 €	160 €	260 €	510 €
3º clasificado	30 €	60 €	120 €	240 €
4º clasificado	30 €			
5º clasificado	30 €			

QUINTA: Todos os concursantes cederán os seus dereitos de reprodución fotográfica ao Concello, co fin de incluír na súa publicidade as fotos que estime necesarias.

SEXTA: Queda estritamente prohibido o uso de calquera material perigoso que poña en risco a integridade de tódalas persoas presentes. De non respectar este apartado o participante será descalificado automaticamente.

SÉPTIMA: O feito de participar no concurso leva implícito a aceptación das presentes bases.

